


ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO, E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE CÁLCULO INTENSIVO DOS MODELOS NUMÉRICOS PARA O SERVIZO DE PREDICIÓN METEOROLÓXICA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, a 16 de xullo de 2018

REUNIDOS



Dunha parte, dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016, en relación co establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia,




Doutra, dona Patricia Argerey Vilar, Presidenta do Padroado da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, e no exercicio das funcións conferidas á Presidenta polo Padroado da Fundación Cesga na reunión celebrada o 15 de febreiro de 2018, para establecer convenios de cooperación ou colaboración con institucións públicas ou privadas.

Ambas as dúas representantes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente acordo, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DXCACC), tal e como establece o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMOT), vixente nos termos indicados na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, exerce as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio

ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección de dita incidencia, a avaliación dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental. En concreto, a través da Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, a DXCACC exerce no ámbito da meteoroloxía e o cambio climático, entre outras, as funcións relativas á xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e a súa difusión, sen prexuízo das competencias que correspondan á Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de aplicación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.



Segundo.- A fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), é unha fundación de natureza fundacional, de interese galego, establecida sen ánimo de lucro, que se rexe pola Lei de Galicia 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese Galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; e pola vontade do Fundador manifestada nestes Estatutos e demais lexislación de xeral aplicación.

A Fundación CESGA está participada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e pola "Agencia Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos terá como obxecto contribuír ao avance da Ciencia e a Técnica, mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información, en colaboración con outras institucións, para o beneficio da Sociedade.


Segundo o artigo 8 dos estatutos, serán actividades da Fundación CESGA as relativas á colaborar

con institucións, empresas e persoas en calquera materia relacionada co obxecto da Fundación, nos termos que establezan os correspondentes acordos ou convenios.


En xeral son fins da Fundación CESGA todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socioeconómico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

Terceiro.- A DXCACC, en base ás funcións que lle corresponden encárgase da predición meteorolóxica de Galicia e a súa difusión.

Non obstante a CMOT carece dos medios persoais e materiais suficientes para realizar os cálculos intensivos necesarios para a execución dos modelos numéricos de predición meteorolóxica, destinados a manter un servizo de predición operativo para Galicia.



O establecemento dunha predición específica para Galicia supón a execución dos modelos numéricos que permitan realizar a predición nun contorno de cálculo de altas prestacións, coa incorporación dun sistema de asimilación de datos a partir das redes de observación, dos equipos propios de meteoroloxía e das condicións de contorno que subministran outras institucións meteorolóxicas.



Dada a complexidade do sistema a desenvolver e a non dispoñibilidade por parte da CMOT dos medios técnicos necesarios e imprescindibles para afrontar en solitario a tarefa obxecto deste acordo, faise necesaria a colaboración entre a CMOT, a través da DXCACC e a Fundación CESGA, no que se refire ao soporte para o cálculo intensivo dos modelos numéricos.

Cuarto.- Os medios técnicos da Fundación CESGA, unido aos seus recursos humanos, con sobrada experiencia en materia de cálculo intensivo, convérteno no organismo coa capacidade e a competencia necesaria para realizar labores de execución dos modelos numéricos para o servizo de predición operativo de Galicia.

Quinto.- O artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalice acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Tendo en conta o interese común da CMOT e da Fundación CESGA na execución dos modelos numéricos axeitados que permitan acadar a finalidade de obter unha predición meteorolóxica para Galicia o máis exacta posible, ambas partes acordan subscribir o presente acordo de conformidade coas seguintes:


CLÁUSULAS



Primeira.- Obxecto do acordo.

Este acordo ten por obxecto regular as condicións da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento de actuacións de cálculo intensivo dos modelos numéricos para o servizo de predición meteorolóxica de Galicia.

Segunda.- Contido da colaboración.



Na parte de atmosfera, executarase un modelo determinista de predición meteorolóxica que acade os 4 km de resolución sobre Galicia cun horizonte de predición de 96 horas e que se execute dúas veces ao día. Ademais, tamén está programada a execución dun modelo a moi alta resolución (1,3 km) que cubra as Rías Baixas, e outro o Arco Ártabro e outro ao norte de Portugal alimentado polo modelo anterior.

Para completar esta predición determinista a curto prazo, contarase cun modelo de conxuntos a 12 km de resolución formado por 21 membros. Dito modelo cubrirá 96 horas de predición e servirá de base para o modelo de predición a medio prazo, que cubrirá a predición dende as 96h ata as 216h.

Ademais contarase cun modelo de predición de calidade do aire que simulará Galicia a 3km de resolución para as vindeiras 96h, con unha pasada ao día. Este modelo proverá información da evolución das diferentes especies contaminantes que afecta ao aire da rexión.



Na parte oceanográfica executaranse respectivamente un sistema de predición de correntes e outro de ondaxe. Para o primeiro requiriranse 30 procesadores e alcanzará un horizonte de predición de 4 días simulando dende a pequena escala ata as zonas costeiras. O modelo de ondaxe precisará 16 procesadores para simular a axitación marítima nos próximos 4 días abrangendo dende a escala oceánica ate as zonas preto da costa.

Terceira.- Obriga das partes.

1. Obrigas da Fundación CESGA

- 
- Proporcionará os recursos computacionais necesarios para garantila execución dos modelos operativos de predición medioambiental.
 - Proporcionará 900.000 horas de cálculo durante o ano 2018 distribuídas en 128 procesadores no superordenador Finis Terrae II.



No caso de ter que facer labores de mantemento nas horas asignadas para facer as execucións dos modelos operativos, a Fundación CESGA ofrecerá uns servizos mínimos de cálculo de 32 núcleos de procesador. Non obstante, sempre que sexa posible, trataranse de evitar estas horas para facer o mantemento dos sistemas de cálculo.

- Proporcionará un espazo de almacenamento necesario de 20.000 GB para gardar os datos do último mes de execución directamente en sistemas de discos visibles dende as máquinas nas que se fan as simulacións.
- Manterá unha copia en cinta magnética da información histórica das simulacións a efectos de arquivo. Esta copia será almacenada nas instalacións da Fundación CESGA e poderá ser posta en liña a petición da CMOT, se non estivese por non existir espazo no robot. Para este servizo, a Fundación CESGA, porá a disposición de Meteogalicia un máximo de 150 cintas magnéticas de tipo LTO4.
- A asignación de recursos farase de forma exclusiva e priorizada, para o que se establecerá unha *cola* que proporcione acceso inmediato á execución dos modelos, tendo en conta que en ningún momento este obrigado o CESGA a ofrecer de modo simultáneo, máis de 128 núcleos de procesador.

- Proporcionará á CMOT asistencia técnica necesaria para o correcto aproveitamento dos servizos de cálculo intensivo-objeto do presente acordo de colaboración, tanto para facilitar as tarefas de operativa como para a adaptación de códigos ós sistemas dispoñibles.
- Porá a disposición da CMOT un servizo de soporte de emerxencia para atención fora do horario laboral para aquelas incidencias que impidan o funcionamento dos modelos: de 08:30 a 20:00 horas todos os días, incluídos os festivos, fins de semana e tardes en réxime de xornada intensiva.
- Porá a disposición da CMOT unha asistencia adicional personalizada de 50 horas para actividades específicas pedidas por MeteoGalicia, encamiñadas a mellora dos servizos operativos. Este soporte será prestado por calquera dos técnicos da Fundación CESGA nas áreas de Sistemas, Aplicacións ou Comunicacións, e estará dispoñible unicamente na xornada laboral da Fundación CESGA.

2. Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

- Realizar a predición meteorolóxica para Galicia e a súa difusión.
- Compensar á Fundación CESGA polos gastos que conleve a realización das accións obxecto desta colaboración, nos termos expostos na cláusula cuarta.

Cuarta.- Compensación de custos.

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a CMOT, a través da DXCACC, compensará á Fundación CESGA polos gastos nos que incorra para a realización dos traballos descritos na cláusula segunda.

Estes gastos estímense nunha cantidade máxima de trinta e catro mil seiscientos vinte e nove euros #34.629,00 €#. A compensación realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 07 02 541E 6401 dos orzamentos da DXCACC para o ano 2018, onde existe crédito axeitado e suficiente.

Esta cantidade será satisfeita mensualmente, trala presentación por parte da Fundación CESGA dunha memoria de traballos desenvolto, e previa conformidade da DXCACC.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Constituirase a iniciativa de calquera das partes, unha comisión de seguimento formada por dous / dúas representantes de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste acordo. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación. Esta comisión reunirase as veces que estime oportunas para o cumprimento deste acordo.

Sexta.- Propiedade dos traballos.

A propiedade intelectual dos traballos resultantes, será compartida polas dúas partes asinantes deste acordo, a CMOT e a Fundación CESGA, as cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

Sétima.- Duración do acordo.

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

A vixencia deste acordo poderá ser prorrogada previo acordo expreso das partes, adoptado con anterioridade á súa finalización.

Oitava.- Réxime de modificación e causas de extinción.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente acordo en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente acordo deberá comunicarse por escrito á outra parte con dous meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Así mesmo, este acordo poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución deste acordo de colaboración, previa denuncia dalgunha das partes:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no acordo, previa reunión da comisión de seguimento.

Novena.- Relación laboral.

A subscripción deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa.

As discrepancias que poidan producirse resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Undécima.- Publicidade.

A sinatura do presente acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no mesmo, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

En proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan por triplicado exemplar este acordo de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación
do Territorio


Beatriz Mato Otero

A presidenta do Padroado da Fundación Pública
Galega Centro Tecnolóxico de
Supercomputación de Galicia


Patricia Argerey Vilar